

## ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

### XUNTA DE GALICIA

#### Consellería de Economía, Emprego e Industria

#### Xefatura Territorial da Coruña

#### Servizo de Emprego e Economía Social

*Resolución pola que se inscribe no Rexistro e se dá publicidade ao convenio colectivo de traballo da empresa Cespa, S.A. para o centro de traballo adicado á actividade da limpeza pública viaria e de praias do concello de Sada*

Visto o expediente do convenio colectivo de traballo da empresa CESPA, S.A. para o centro de traballo adicado á actividade da limpeza pública viaria e de praias do concello de Sada (código de convenio n.º 15100651012017), que subscribiu a Comisión Negociadora o 01 de abril de 2016, de conformidade co disposto no artigo 90, números 2 e 3, do Real decreto legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, no Real Decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo, e na Orde de 29 de outubro de 2010 pola que se crea o Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia, esta Xefatura Territorial de Economía, Emprego e Industria

#### RESOLVE:

1.º.-Ordenar a súa inscrición no Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia.

2.º.-Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

A Coruña, 2 de maio de 2017.

O xefe territorial

Isidoro Martínez Arca

### CONVENIO COLECTIVO DE TRABALLO DA EMPRESA "CESPA S.A" PARA O CENTRO DE TRABALLO ADICADO Á ACTIVIDADE DA LIMPEZA PÚBLICA VIARIA E DE PRAIAS DO CONCELLO DE SADA (A CORUÑA)

#### ARTIGO 1.º.-ÁMBITO FUNCIONAL.

O presente convenio colectivo é de ámbito de centro de traballo e regula as relacións laborais dos traballadores e traballadoras da empresa "CESPA, S.A.", actual concesionaria dos servizos públicos da limpeza pública viaria e das praias no concello de Sada (A Coruña).

#### ARTIGO 2.º.-ÁMBITO TERRITORIAL.

O presente convenio colectivo subscríbese para o ámbito territorial do termo municipal de Sada, no que CESPA, S.A. realiza por concesión administrativa do concello de Sada a limpeza pública viaria e das praias non dito termo municipal.

#### ARTIGO 3.º.-ÁMBITO PERSONAL.

Quedan sometidos ás estipulacións deste convenio as traballadoras e traballadores da empresa concesionaria dos servizos da limpeza pública viaria e das praias do concello de Sada.

#### ARTIGO 4.º.-ÁMBITO TEMPORAL.

Este convenio terá unha vixencia dende o 1 de abril de 2016 ate o 31 de decembro de 2020. No caso de non denuncia o convenio prorrogarase indefinidamente, mantendo integramente o seu contido ate ser asinado un novo polas partes, incrementándose os conceptos económicos, cada un dos anos da prórroga, co resultado do IPC do ano anterior.

#### ARTIGO 5.º.-ENTRADA EN VIGOR.

Este convenio entrará en vigor o día da súa sinatura, tendo en conta o disposto no artigo 9.

#### ARTIGO 6.º.-PARTES SINATARIAS.

Son partes asinantes do presente convenio colectivo, dunha parte, o delegado de persoal, como representación unitaria das traballadoras e traballadores, e doutra parte, a representación empresarial.

**ARTIGO 7.º.-GARANTÍA “AD PERSONAM”.**

Sen prexuízo do establecido no artigo anterior, con relación ao disposto no artigo 3.1.c) do TRET, dado o carácter de mínimo das condicións convencionais, a empresa respectará os dereitos adquiridos ou condición máis beneficiosa que a título individual puidesen desfrutar os traballadores e traballadoras.

**ARTIGO 8.º.-DENUNCIA.**

O presente convenio poderá ser denunciado, por calquera das partes, dous meses antes do seu remate. Namentres non se chegue a acordo para a súa renovación, manterase integramente o texto e os contidos do convenio denunciado.

**ARTIGO 9.º.-SALARIOS.**

Durante a vixencia do convenio, os salarios serán os sinalados nas táboas que se anexan. O salario sinalado na táboa salarial para o ano 2017, será de inmediata aplicación, xa no ano 2016, se a adxudicación contrata se produce antes de rematar o devandito ano 2016, e dende o mesmo momento da adxudicación.

**ARTIGO 10.-COMPLEMENTOS DE CARÁCTER INDEMNIZATORIO SUPLIDO: PLUS DE TRANSPORTE.**

Para todo o persoal da empresa establécese un plus de transporte mensual de carácter extrasalarial, que se percibirá como compensación dos gastos de desprazamento dentro da localidade, así como dende o domicilio ao centro de traballo, fixándose o seu importe na cantidade que por tal concepto figura no anexo de táboas salariais. Este plus percibirase nas doce mensualidades.

**ARTIGO 11.º.-PLUS PENOSO.**

Durante a vixencia do convenio, o seu importe será o sinalado nas táboas que se anexan.

**ARTIGO 12.º.-PAGAS EXTRAORDINARIAS.**

1).-Gratificación de verán (xuño): devengarase anualmente, dende o 1 de xullo, ao 30 de xuño, e o seu importe será equivalente ao salario base, que por función profesional fixa a táboa anexa, máis o plus de antigüidade; sendo a data para o seu abono a do 15 de xullo do ano no que finalice o seu devengo.

2).-Gratificación de Nadal: devengarase anualmente, dende o 1 de xaneiro, ao 31 de decembro, e o seu importe será equivalente ao salario base, que por función profesional fixa a táboa anexa, máis o plus de antigüidade; sendo a data para o seu abono a do 15 de decembro do mesmo ano no que se devengou.

3).-Gratificación de beneficios (marzo): devengarase anualmente, dende o 1 de xaneiro, ao 31 de decembro do ano anterior ao seu percibo, e o seu importe será equivalente ao cincuenta por cento (50%) do salario base máis o plus de antigüidade, que por función profesional fixa a táboa anexa, sendo a data para o seu abono a do 15 de marzo seguinte ao seu devengo.

4).-Gratificación de setembro: devengarase anualmente, dende o 1 de xaneiro, ao 31 de decembro do ano anterior ao seu percibo, e o seu importe será equivalente ao cincuenta por cento (50%) do salario base máis o plus de antigüidade, que por función profesional fixa a táboa anexa, sendo a data para o seu abono a do 15 de setembro seguinte ao seu devengo.

**ARTIGO 13.º.-COMPLEMENTO DE INCAPACIDADE TEMPORAL.**

A empresa complementará o pago delegado da prestación regulamentaria da seguridade Social nos supostos de incapacidade temporal nos casos de accidente de traballo e nos casos de enfermidade non laboral de tal xeito que o traballador perciba o 100 por 100 das retribucións salariais mensuais que lle correspondan según o convenio. Todo elo segundo a acta de acordo rexistrada na Oficina de Emprego de Ferrol con data 23 de xullo do 2013.

Para o resto de traballadores, este artigo será de aplicación dende a sinatura do presente convenio.

**ARTIGO 14.º.-VACACIÓNS.**

Tódolos traballadores disfrutarán dun período vacacional de 30 días naturais. O período vacacional será durante todo o ano agás o mes de Agosto. Durante o primeiro trimestre do ano, elaborárase un calendario que recollerá o período de disfrute de cada traballador. En tódolos casos o traballador terá que coñecer con 2 meses de antelación o seu período de disfrute. O traballador percibirá a mesma retribución que a dun mes normal de traballo.

**ARTIGO 15.º.-VESTIARIO.**

A roupa de traballo será de uso obrigatorio para todo o persoal e a empresa facilitará cada ano, agás naqueles casos nos cales estableza periodicidade distinta ao ano (anos alternos), o seguinte número de prendas:

**Condutores:**

- 2 pantalóns - 1 xersei.
- 2 camisas - 2 cazadoras (anos alternos).

- 1 anorak ou chaleco (anos alternos) - 1 luvas.
- 1 par de botas - 1 traxe de augas (anos alternos).
- 1 chaleco de alta visibilidade - 1 par de botas de augas (anos alternos).

**Peóns:**

- 2 pantalóns - 1 traxe de augas.
- 3 camisas - 1 par de botas.
- 2 xerseis - 1 par de botas de augas.
- 2 cazadoras - 1 gorro de inverno e 1 de verán (anos alternos)
- 1 anorak ou chaleco (anos alternos) - 1 luvas.

A roupa de traballo entregárase unha vez ao ano no mes de xuño ao persoal indefinido de plantilla e/ou antigüidade ininterrompida de un ano. No resto dos casos do persoal contratado non se terá en conta o prazo de entrega, periodicidade e número de prendas que por función profesional, condutor e peón, antes se indica, comprometéndose a empresa en calquera caso a facilitar no momento da incorporación do traballador en dentro dos tipos de prendas de roupa concretada ou similares o número suficiente das mesmas que polo traballo a desenrolar, función profesional, motivo e tempo de contratación se requira a criterio desta.

**ARTIGO 16.º.-COMISIÓN MIXTA PARITARIA.**

A Comisión mixta paritaria que debe interpretar este convenio, estará composta polo delegado de persoal e por un representante da empresa podendo asistir ás reunións da Comisión un asesor por cada unha das partes. A esta Comisión correspóndelle a vixianza do cumprimento e interpretación do convenio.

As cuestións que se promovan diante da Comisión mixta paritaria adoptarán a forma escrita e o seu contido será o suficiente pra que poida examinar e analizar o problema co necesario coñecemento de causa. A Comisión deberá emitir informe no prazo de 15 días, dende o momento no que se produza a reunión sobre os asuntos que se lle sometan, reunión esta que deberá terse celebrado no prazo de 15 días dende o momento no que se promova a cuestión a consultar.

O cumprimento de ditos prazos sen terse producido a convocatoria, resolución ou ditame deixará aberta a vía de resolución de conflitos a calquera outro organismo laboral administrativo e/ou xudicial ao que se teña prantexado..

Aos efectos de notificacións o enderezo da Comisión será o mesmo que o da empresa no concello de Sada.

As discrepancias que puideran xurdir para a non aplicación das condicións de traballo á que se refire o artigo 82.3 do TRET, así como as que puideran producirse no seo da Comisión Paritaria, solventaranse de cordo cos procedementos e prazos de mediación regulados no Acordo sobre Solución Extraxudicial de Conflitos Colectivos de Traballo (AGA), asemade dos do artigo 41 do Estatuto dos Traballadores.

**ARTIGO 17.º.-SUBROGACIÓN.**

Nesta materia será de aplicación o regulado no convenio estatal de saneamento público publicado no BOE de 30/07/2013 no seu capítulo 11.

**ARTIGO 18.º.-XORNADA LABORAL.**

Respecto da xornada, pactase a seguinte xornada máxima semanal, que será de 39 horas semanais de promedio en computo anual; como norma xeral a xornada será continuada e con 20 minutos de descanso diarios na mesma e 10 minutos de aseo ao rematar a mesma, tendo en ambos a consideración de tempo efectivo de traballo.

As condicións pactadas no presente convenio colectivo referiranse á realización da xornada máxima ordinaria pactadas polo que se aplicarán proporcionalmente en función da xornada que se realice.

O tempo de traballo computarase de xeito que, tanto ao entrar como ao saír o traballador do centro de traballo, o traballador se encontre uniformado e en disposición de realizar a súa labor.

**ARTIGO 19.º.-PÓLIZA DE SEGUROS.**

1.-A empresa subscribirá cunha compañía de seguros, unha póliza de seguro de accidentes para todo o persoal afectado polo presente convenio, a cal garantirá aos herdeiros legais ou persoas que o traballador designe especificamente os seguintes capitais:

Para os casos de falecemento, incapacidade permanente nos graos de total e absoluta derivados de accidente de traballo a cantidade de 18.000 €.

2.–Nos casos de que ditas continxencias estean sometidas a un período de revisión conforme o artigo 48.2 do texto refundido do Estatuto dos Traballadores, o traballador percibirá o capital correspondente unha vez teña vencido o prazo de revisión legalmente establecido.

3.–No suposto de que neste convenio colectivo ou posteriores, se acordara modificar expresamente o capital garantido pola póliza, o novo capital de indemnización acordado non terá efectos retroactivos e o seu vigor quedaría supeditado a trinta días posteriores á data da sinatura do texto íntegro do novo convenio colectivo.

4.–Non será aplicable este artigo aos supostos de falecemento e incapacidade derivada de calquera relación laboral distinta á existente entre traballador e a empresa.

#### **ARTIGO 20.º.–HORAS EXTRAORDINARIAS.**

Mentres persista a actual situación de desemprego non se realizarán horas extraordinarias, agás caso de forza maior, nese suposto establécese un recargo do 30% sobre o valor da hora ordinaria. Só aos efectos do cálculo da hora ordinaria establécese a xornada anual en 1755 horas.

#### **ARTIGO 21.º.–FESTIVOS.**

A partires da sinatura do presente convenio, os festivos traballados aboaranse cun importe fixo non revisable por este concepto de 55 € no ano 2017, 60 € no 2018, 65 € no 2019 e 75 € no ano 2020 por día festivo non Domingo completo traballado.

Os traballadores que presten servizo en domingos e festivos, descansarán un día da semana seguinte (martes, mércores, xoves, ou venres), non podendo coincidir dous descansos o mesmo día.

#### **ARTIGO 22.º.–FESTIVIDADE PATRONAL.**

A festividade de san Martín de Porres o 3 de novembro, considerase non laborable a tódolos efectos. No caso de coincidir en festivo ou en día de difícil aplicación, trasladarase ao mércores anterior ou posterior.

#### **ARTIGO 23.º.–LICENZAS RETRIBUÍDAS.**

Tódolos traballadores terán dereito ao disfrute de licenzas na forma e condicións seguintes, se prexuízo do establecido no artigo 37 do ET:

- 15 días por casamento.
- 2 días no caso de nacemento de fillo.
- 2 días por enfermidade grave ou falecemento de familiares ate o 2.º grao de consanguinidade ou afinidade.
- 4 días cando o motivo anterior necesite realizar desprazamento.
- 1 día por traslado de domicilio habitual.
- Aqueles traballadores con contrato indefinido, ou que cando menos teñan 12 meses de antigüidade ininterrompida na empresa, terán dereito ao disfrute de 3 días de asuntos propios ao ano. Este permiso deberá ser solicitado cando menos con 3 días de antelación, caducando o seu dereito a 31 de decembro de cada ano. Non poderá coincidir no disfrute de este permiso mais dun traballador na mesma data, se coincidisen na mesma data dous ou mais solicitudes o permiso concederase atendendo a orde da data de recepción da solicitude escrita tramitada polo traballador para disfrutar da licenza.
- Polo tempo indispensable para o cumprimento dun deber inescusable de carácter público.
- Os días 24 e 31 de decembro, a xornada finalizará ás 11.00 horas.

Tódolos permisos referidos a cónsuxes serán extensibles ás parellas de feito, que sexan acreditadas mediante certificado oficial de convivencia.

Coa finalidade de facilitar a relación de parentescos e os graos dos mesmos, con relación ao artigo 37.3 do TRET, inclúese como Anexo II do presente convenio a táboa dos graos de parentesco.

As licencias e permisos empezarán a contar na data na que se produza o feito que os motiva.

#### **ARTIGO 24.º.–PLUS DE ANTIGUIDADE.**

Os traballos incluídos na acta de acordo rexistrada na Oficina de Emprego de Ferrol con data 23 de xullo do 2013 seguirán devengando e percibindo a antigüidade de conformidade con dita acta ( o 5% do salario base por cada trienio devengado).

O resto de traballadores non incluídos no acordo de 23 de xullo 2013, comenzarán a devengar os trienios a partir da firma do presente convenio, sendo tamén trienios do 5% do salario base.

**ARTIGO 25.º.-ANTICIPOS REINTEGRABLES.**

A empresa creará unha bolsa de 3000 € cun límite de 300 € por traballador ao ano, co fin de facilitar aos traballadores anticipos sobre o seu salario. O reintegro do anticipo concedido realizarase nas 12 pagas seguintes.

**ARTIGO 26.º.-PAGO DE SALARIOS.**

Tódalas percepcións, agás as de vencemento periódico superior ao mes que se estará ao pactado ou no seu caso á costume, aboaranse mensualmente, por períodos vencidos e ate o día 5 do mes seguinte ao do seu devengo.

**ARTIGO 27.º.-GARANTÍAS SINDICAIS.**

A representación sindical e a representación unitaria e legal dos traballadores terán as facultades, dereitos e obrigacións sinalados para os mesmos pola Lei Orgánica de Liberdade Sindical, Estatuto dos Traballadores, Convenio Xeral do Sector da Limpeza Pública, e restantes normas concordantes.

**ARTIGO 28.º.-VIXIANZA DA SAÚDE.**

O empresario garantirá aos traballadores ao seu servizo a vixianza periódica do seu estado de saúde en función dos riscos inherentes ao traballo, nos termos previstos no artigo 22 da lei de Prevención de Riscos Laborais.

A información recollida como consecuencia de esta vixianza, tal e como se prevé na Lei, respectará, sempre, o dereito á intimidade e dignidade da persoa do traballador e a confidencialidade de toda a información relacionada co seu estado de saúde.

Recoñecementos Médicos: Os recoñecementos médicos que se efectúen deberán ser específicos, adecuándose ás materias primas ou aditivos que se manipulen en cada centro de traballo.

Aqueles traballadores e grupo de traballadores que polas súas características persoais, polas súas condicións de maior exposición a riscos ou por outras circunstancias teñan maior vulnerabilidade ao mesmo, serán vixiados de xeito particular.

A empresa e os traballadores afectados por este convenio cumprirán as disposicións contidas na normativa vixente sobre seguridade e saúde laboral e, en especial as da Lei 31/1995, de 8 de Novembro, de Prevención de Riscos Laborais e as súas disposicións de desenvolvemento.

**ARTIGO 29.º.-EXCEDENCIAS.**

A tenor do establecido no Real Decreto 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto dos Traballadores, os traballadores afectados polo presente convenio colectivo, entre outros supostos, terán o dereito a que lles recoñeza a posibilidade de situarse en excedencia nas condicións e termos que de seguido se concretan:

1.-A excedencia poderá ser voluntaria ou forzosa. A forzosa, que dará dereito á conservación do posto e ao cómputo da antigüidade da súa vixencia, concederase pola designación ou elección para un cargo público que imposibilite a asistencia ao traballo. O reingreso deberá ser solicitado dentro do mes seguinte ao cese no cargo público.

2.-O traballador con cando menos unha antigüidade na empresa dun ano ten dereito a que se lle recoñeza a posibilidade de situarse en excedencia voluntaria por un prazo non menor a 4 meses e non maior de 5 anos.

Este dereito só poderá ser exercitado outra vez polo mesmo traballador se teñen transcorrido 4 anos dende o final da anterior excedencia, conservando só un dereito preferente ao reingreso nas vacantes de igual ou similar función profesional á súa que exista ou se producira na empresa.

As solicitudes escritas destas excedencias deberán realizarse cunha antelación mínima de 15 días, debendo ser resoltas como máximo en igual prazo. Se o traballador non solicitara o reingreso cun preaviso de 30 días, perderá o dereito dun posto de traballo na empresa.

**DISPOSICIÓNS ADICIONAIS****PRIMEIRA.-LEXISLACIÓN SUPLETORIA.**

En todo o non disposto neste convenio serán normas supletorias as legais de xeral aplicación e no convenio colectivo xeral do sector do saneamento público e limpeza, viaria, regos, recollida, tratamento e eliminación de residuos e limpeza e conservación do alcantarillado, BOE 30 de xullo de 2013, así como nos posteriores que puideran substituír a este.

**SEGUNDA.**-Este convenio forma un todo orgánico indivisible e a efecto da súa aplicación práctica será considerado globalmente en cómputo anual, sen que se aplique unha normativa aillada sobre condicións anteriores.

Igualmente, e a tenor do disposto no artigo 84 do TRET, o presente convenio colectivo, durante a súa vixencia e nas materias que nel se regulan, non poderá ser afectado polo disposto noutros convenios.

**TERCEIRA.-XÉNERO NEUTRO.**

Tódalas referencias feitas no texto do convenio aparentemente feitas ao xénero masculino, aos efectos dunha maior simplificación na redacción do texto, sen que supoñan a ignorancia das diferenzas de xénero existentes, enténdense feitas a un xénero neutro, e dicir, tamén afectan ao xénero feminino, agás aqueles casos no que por imperativo legal correspondan á muller traballadora.

**CUARTA.**—O presente convenio colectivo sucede e derroga na súa integridade ao anterior de aplicación, agás naqueles aspectos que expresamente de manteñan, acordando o presente texto a Comisión Negociadora composta polas partes que legalmente lexitimadas, Empresa e delegado de Persoal, tanto para a súa constitución como para negociar e lograr chegar a válidos acordos.



[www.cigservizos.org](http://www.cigservizos.org)

## ANEXO I

## LIMPEZA VIARIA CONCELLO DE SADA

## TÁBOAS SALARIAIS ANO 2017

	S.B.	TRANSP.	P. PENOSO	VACACIÓNS	P. VERÁN	P. NADAL	P. BENEFIC.	P. SETEMBR.	TOTAL ANUAL
PEÓN	835,5	122	167,1	1124,6	835,5	835,5	417,75	417,75	16001,7
CONDUTOR	893	122	178,6	1193,6	893	893	446,5	446,5	17002,2
OFIC. ADMINIS.	921,6	122	184,32	1227,92	921,6	921,6	460,8	460,8	17499,84
ENCARGADO	1100	122	220	1442	1100	1100	550	550	20604
	*11	*11	*11	*1	*1	*1	*1	*1	

## TÁBOAS SALARIAIS ANO 2018

	S.B.	TRANSP.	P. PENOSO	VACACIÓNS	P. VERÁN	P. NADAL	P. BENEFIC.	P. SETEMBR.	TOTAL ANUAL
PEÓN	856,39	125,05	171,28	1152,72	856,39	856,39	428,2	428,2	16401,82
CONDUTOR	913,89	125,05	182,78	1221,72	913,89	913,89	456,95	456,95	17402,32
OFIC. ADMINIS.	942,49	125,05	188,5	1256,04	942,49	942,49	471,25	471,25	17899,96
ENCARGADO	1120,89	125,05	224,18	1470,12	1120,89	1120,89	560,45	560,45	21004,12
	*11	*11	*11	*1	*1	*1	*1	*1	

## TÁBOAS SALARIAIS ANO 2019

	S.B.	TRANSP.	P. PENOSO	VACACIÓNS	P. VERÁN	P. NADAL	P. BENEFIC.	P. SETEMBR.	TOTAL ANUAL
PEÓN	878,35	128,26	175,67	1182,28	878,35	878,35	439,18	439,18	16822,42
CONDUCTOR	935,3	128,26	187,06	1250,62	935,3	935,3	467,65	467,65	17813,34
OFIC. ADMINIS.	963,9	128,26	192,78	1284,94	963,9	963,9	481,95	481,95	18310,98
ENCARGADO	1142,85	128,26	228,57	1499,68	1142,85	1142,85	571,43	571,43	21424,72
	*11	*11	*11	*1	*1	*1	*1	*1	

## TÁBOAS SALARIAIS ANO 2020

	S.B.	TRANSP.	P. PENOSO	VACACIÓNS	P. VERÁN	P. NADAL	P. BENEFIC.	P. SETEMBR.	TOTAL ANUAL
PEÓN	900,31	131,55	180,06	1211,92	900,31	900,31	450,16	450,16	17243,98
CONDUTOR	957,26	131,55	191,45	1280,26	957,26	957,26	478,63	478,63	18234,9
OFIC. ADMINIS.	985,86	131,55	197,17	1314,58	985,86	985,26	492,93	492,93	18731,94
ENCARGADO	1164,81	131,55	232,96	1529,32	1164,81	1164,81	582,41	582,41	21846,28

A categoría de peón e condutor pertencen ao grupo profesional d) regulado no convenio estatal

A categoría de encargado pertence ao grupo profesional b) regulado no convenio estatal

A categoría de oficial administrativo pertence ao grupo profesional c) regulado no convenio estatal

Os grupos son os regulados no convenio estatal publicado no BOE do 30/07/2013

ANEXO IIÁRBOL XENEALÓXICO

(GRAOS DE COSANGUINIDADE E AFINIDAD)

AVÓS  
DE AMBOLOS DOUS  
(2º GRAO)

PAIS  
OU  
SOGROS  
(1º GRAO)

IRMÁNS  
DE  
ÁMBOLOS DOUS  
(2º GRAO)

**TRABALLADOR  
E  
CONXUGUE**

TÍOS E  
SOBRIÑOS DE  
ÁMBOLOS DOUS  
(3º GRAO)

**SERVIZOS**

[www.cicj.org](http://www.cicj.org)

FILLOS  
(1º GRAO)

NETOS  
(2º GRAO)

2017/3644